

CARA UN FORO SOCIAL GALEGO

Organizacións cívicas e sociais galegas participantes no proceso de Foro Social Mundial dende xaneiro de 2001 convocamos a un acto cívico de mobilización para expresar dende o noso país a solidariedade coas principais reivindicacións do movemento antiglobalización

Somos millóns de mulleres e homes, organizacións, redes, movementos e sindicatos de todas as partes do planeta, aldeas, rexións, nacións, zonas rurais e centros urbanos de todas as idades, pobos, culturas e crenzas unidos e unidas pola firme convicción de que

OUTRO MUNDO É POSIBLE

Con toda a nosa pluralidade, diversidade e riqueza de alternativas e propostas loitamos contra o neoliberalismo, a guerra, o colonialismo, o racismo e o patriarcado que xeran violencia, explotación, exclusión, pobreza, fame, destrución ambiental e negación dos dereitos humanos.

Hai anos que estamos resistindo e construindo procesos innovadores, de novas culturas de organización e acción, do local ao global, e en particular a través dos procesos e Carta de Principios do Foro Social Mundial, do cal emerxe este chamamento.

ASAMBLEA DE MOVEMENTOS SOCIAIS GALEGOS

Sábado 26 de xaneiro. 11.30h

Facultade de Xeografía Historia. Santiago

Por que un Día de Mobilización e Acción Global?

Desde o levantamento zapatista, en 1994 e as manifestacións de Seattle, en 1999, xurde unha alianza mundial de movementos contra a globalización neoliberal, a guerra, o patriarcado, o racismo, o colonialismo e a destrución ambiental.

Ese movemento ten como marcos as grandes mobilizacións internacionais como as realizadas en Xénova e Cancún contra a OMC. Acadando o seu apoxeo o 15 de febreiro de 2003, coa gran manifestación mundial contra a invasión de Iraq polos Estados Unidos.

Nos últimos anos, eses movementos creceron enormemente, enraizados en loitas nacionais e realidades locais. En todos os cantos do planeta xorden mobilizacións en todas as áreas. O principal desafío agora é facer a conexión entre estas loitas locais e nacionais con obxectivos mundiais para ampliar alianzas e fortalecer as nosas loitas, alternativas e campañas.

Este é o propósito do Día da Mobilización e Acción Global en 2008: *Actuar localmente para mudar globalmente! Dar visibilidade ás loitas locais por medio dun día de acción común!*

Porque agora? Porque o 26 de xaneiro?

Dende 2001, o Foro Social Mundial (FSM) tornou no principal espazo no cal todos eses movementos se atopan e constrúen alianzas.

O FSM non é un evento. É un proceso que está vivo nos foros locais, nacionais, rexionais e temáticos, nas moitas loitas plurais, campañas, alternativas para outro mundo que son desenvolvidas en todo o planeta. A decisión de que o próximo FSM se realice en 2009, dous anos despois do FSM en Nairobi (Kenia – África), abre espazo para que unha ampla mobilización global se realice en 2008.

A data, 26 de xaneiro, foi escollida como forma de manter o confronto co Foro Económico Mundial, encontro da elite neoliberal que acontece sempre en xaneiro en Davos (Suíza), para afondar a teoría e práctica da dominación do mundo polo capital.

www.forumsocialmundial.org.br
www.fsm2008.net

FEIRA DE ASOCIACIÓNS NO CLAUSTRO DA FACULTADE

(Espazo limitado. Organizacións interesadas,
contactar antes do 15 de xaneiro con info@altermundo.org)

**CONTRA A GLOBALIZACIÓN
NEOLIBERAL**

PARA ERRADICAR A POBREZA

**POLA PAZ E CONTRA O
ARMAMENTISMO**

**POLA PROFUNDA REFORMA
DO SISTEMA DE INSTITUCIÓNS
INTERNACIONAIS**

ABOLICIÓN DA DÉBEDA EXTERNA

IGUALDADE REAL DAS MULLERES

SUSTENTABILIDADE ECOLÓXICA

**DEFENSA DOS RECURSOS
NATURAIS**

SOBERANÍA DOS POBOS

**AGRICULTURA E ALIMENTACIÓN
FÓRA DE OMC**

**RECOÑECIMENTO DO DEREITO
DOS POBOS Á SOBERANÍA
ALIMENTARIA**

PROMOVEN A CONVOCATORIA ORGANIZACIÓNS
GALEGAS PARTICIPANTES NO FSM DESDE 2001:

Seminario Galego de Educación para a Paz

Fundación Galiza Sempre

Marcha Mundial das Mulleres

Sindicato Labrego Galego

CIG

CCOO

UXT

STEG

Coordinadora Galega de ONGDs

ADEGA

Verdegaia

ADHESIÓNS DE PERSOAS E ORGANIZACIÓNS

Enviar nome e contacto a:

info@altermundo.org

paz@sgep.org

fgs@galizasempre.org

Sábado 26 de xaneiro en Santiago

Facultade de Xeografía Historia

**ASAMBLEA DE MOVEMENTOS SOCIAIS GALEGOS
E FEIRA DE ASOCIACIÓNS**

CARA UN FORO SOCIAL GALEGO

GALIZA CO FSM

26 de xaneiro de 2008. Día de Mobilización e Acción Global



FORO SOCIAL MUNDIAL